

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL O DÍA 10 DE XULLO DE 2015

No salón de sesións da Casa do Concello de Miño (A Coruña) ás 10:00 horas do día 10 de xullo de 2015, baixo a Presidencia do Sr. alcalde don Ricardo Alejandro Matías Sánchez Oroza, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno municipal co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada para o día da data.

SRES.CONCELLEIROS PRESENTES.-

DON MANUEL VÁZQUEZ FARALDO (PSdeG - PSOE)
DONA MARÍA CATALINA MORADO FARIÑA (PSdeG - PSOE)
DONA EMMA GONZÁLEZ ÁLVAREZ (PSdeG - PSOE)
DON MOISÉS DOPICO LONGUEIRA (PSdeG - PSOE)
DON AGUSTÍN SANZ HORCAJO (PSdeG - PSOE)
DONA MARINA VARELA LAGE (PSdeG - PSOE)
DON JESÚS VEIGA SABÍN (PP)
DONA JOSEFINA ROMEU PÉREZ (PP)
DON JOSÉ AGUSTIN ANDRÉS ANDRÉS (PP)
DONA ANA ISABEL PICOS FREIJOMIL (PP)
DON ANTONIO DOCE LOURIDO (PP)
DON JOSÉ PAZ CASAL (PP)

SR.SECRETARIA MUNICIPAL.-

DONA ALEJANDRA RODRÍGUEZ MENÉNDEZ

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (ACTA DE CONSTITUCIÓN DO 13/06/2015).

Logo de se distribuíren aos Sres. concelleiros e ás Sras. concelleiras da Corporación a copia do borrador da acta correspondente á sesión plenaria do día 13/06/2015; pregúntase aos asistentes se teñen algunha observación que formular á referida acta, e manifestando que non, acordan por unanimidade dos concelleiros presentes (sendo 13 o número legal de membros da Corporación) e maioría absoluta aprobar a acta do Pleno do día 13/06/2015.

2º.- DACIÓN DE CONTAS DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS E DOS SEUS VOCEIROS.

A Sra. secretaria toma a palabra e manifesta que para a constitución como grupo político fan falta dous concelleiros, agás que tiveramos aprobado un regulamento orgánico que pode reducir a un o número de membros para constituír grupo político a un. Non obstante nas eleccións de hai oito anos, o partido político ASI Miño só obtivera un concelleiro, e se aplicou a criterio de que se o pleno aceptaba por unanimidade que se constituía en grupo político, se admitiría a súa constitución como tal, e entende que neste caso procede aplicar o mesmo criterio, isto é, se todos por unanimidade acordan que se constituía como grupo político, constituirase como tal, senón pasará ao grupo mixto.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que en base ao que acaba de dicir a secretaria, o que a normativa recolle é que para formar grupo político ten que haber como mínimo dous concelleiros, entón para cumprir o que esixe a normativa debe de haber dous concelleiros, senón ten que pasar ao grupo mixto ou ao grupo de non adscritos.

A Sra. secretaria expón que como hai oito anos se aplicou ese criterio, considera que debe aplicarse a todos os casos, e que se non hai acordo por unanimidade será grupo mixto.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que por parte do grupo popular o mesmo, que pase ao grupo mixto.

A Sra. secretaria expón que con respecto ao grupo socialista constitúese como grupo político e noméase como voceiro a don Manuel Vázquez Faraldo e suplentes pola seguinte orde dona María Catalina Morado Fariña, dona Emma González Álvarez, don Moisés Dopico Longueira, don Agustín Sanz Horcajo e dona Marina Varela Lage. A continuación dá conta do grupo político do Partido Popular, cuxo voceiro é don Jesús Veiga Sabín e os suplentes por orde dona Josefina Romeu Pérez e don José Agustín Andrés Andrés. E logo estaría o Grupo mixto que estaría integrado por don Ricardo Alejandro Matías Sánchez Oroza.

3º.- DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS PLENARIAS ORDINARIAS.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

"Constituída a nova corporación, en sesión extraordinaria de data 13 de xuño de 2015, como consecuencia das eleccións locais celebradas o día 24 de maio de 2015, procede determinar o réxime de celebración das sesións ordinarias do pleno, de conformidade co establecido no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidade Locais.

A estes efectos, o artigo 46.2 a) da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na redacción dada pola Lei 11/1999, de 21 de abril, establece a periodicidade mínima da celebración das sesións ordinarias do Pleno en atención á poboación do Municipio, polo que excedendo esta dos 5.000 habitantes, procede celebrar sesión ordinaria cada dous meses.

Por todo elo, e de conformidade co establecido no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidade Locais, en concordancia co réxime de periodicidade establecido das sesións plenarias ordinarias imposto polo artigo 46.2 a) da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na redacción dada pola Lei 11/1999, de 21 de abril, esta Alcaldía propón ó pleno municipal a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Establecer que o pleno do Concello celebrará sesión ordinaria no Salón de sesións da Casa Consistorial o terceiro martes de cada dous meses ás 18:00 horas.

Segundo.- Facultar ó Alcalde – Presidente, por propia iniciativa ou a instancia dos portavoces dos grupos políticos, por causa xustificada, a variar a data de celebración da sesión ordinaria, adiantando ou atrasando o día e hora de celebración, incluso aínda que o novo día fixado non estivera comprendido no mes correspondente a aquel."

A continuación ábrese na sesión plenaria a rolda de intervencións:

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que o seu grupo está de acordo coa proposta, posto que xa o tiñan así na anterior lexislatura, e votan a favor.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que na proposta se establece que será o terceiro martes de cada dous meses, e que se se entende que é o mesmo da anterior lexislatura serán os meses pares e que sería conveniente especificalo así na proposta. E que como na anterior lexislatura xa se aprobara así por unanimidade de todos os grupos, pois que lle parece lóxico mantelo así.

Seguidamente, procédese na sesión plenaria á votación ordinaria da proposta de acordo co seguinte resultado: 13 votos a favor do Grupo mixto, do PP e do PSOE (sendo trece o número legal de membros da Corporación), polo que o Pleno municipal acorda por unanimidade e maioría absoluta dos concelleiros:

Primeiro.- Establecer que o pleno do Concello celebrará sesión ordinaria no Salón de sesións da Casa Consistorial o terceiro martes de cada dous meses (meses pares) ás 18:00 horas.

Segundo.- Facultar ó Alcalde – Presidente, por propia iniciativa ou a instancia dos portavoces dos grupos políticos, por causa xustificada, a variar a data de celebración da sesión ordinaria, adiantando ou atrasando o día e hora de celebración, incluso aínda que o novo día fixado non estivera comprendido no mes correspondente a aquel.

4º.- DACIÓN DE CONTAS DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA: NOMEAMENTO DOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE.

Dáse conta do Decreto de Alcaldía de nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local

"Constituída a nova corporación, na sesión extraordinaria de data 13 de xuño de 2015, como consecuencia das Eleccións locais celebradas o día 24 de maio de 2015, estímase procedente deseñar o novo réxime de organización e funcionamento deste Concello, dentro do cal se encontra a Xunta de Goberno Local como órgano de carácter necesario nos municipios que contan cunha poboación de dereito superior a 5.000 habitantes segundo o artigo 20.1.c) da LRBRL.

Considerando que segundo dispoñen o artigo 23 da LRBRL e o artigo 52.2 do ROF, a Xunta de Goberno Local estará integrada polo alcalde, que a preside, e por un número de concelleiros non superior ao terzo do número legal destes, nomeados e separados libremente polo alcalde, e ten como función propia e indelegable a asistencia permanente ao alcalde no exercicio das súas atribucións, así como aquelas outras que lle deleguen o Pleno ou o alcalde ou lle atribúan as leis.

Visto o disposto nos parágrafos anteriores, esta Alcaldía en uso das facultades que lle confiren os artigos 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e 52 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, **resolve:**

1º.- Que a Xunta de Goberno Local do Concello de Miño, como órgano colexiado de carácter necesario, quedará integrada por esta Alcaldía, que a presidirá, e polos seguintes concelleiros:

1. DON JOSÉ AGUSTÍN ANDRÉS ANDRÉS.(PP)
2. DONA ANA ISABEL PICOS FREIJOMIL. (PP)
3. DON MANUEL VÁZQUEZ FARALDO. (PSdeG – PSOE)
4. DON AGUSTIN SANZ HORCAJO. (PSdeG – PSOE)

2º.- Establecer que as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local terán lugar todos os luns de cada mes ás 13 horas, e se fora festivo, celebraríase o día anterior á mesma hora.

3º.- Notificar o presente decreto aos designados na sesión plenaria de organización aos efectos da súa aceptación ou rexeitamento.

4º.- Publicar o presente decreto no BOP da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade a partir do día da data."

A continuación ábrese na sesión plenaria a rolda de intervencións:

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que como é dar conta non se pode votar, pero quere dicir que o grupo popular non está de acordo con eses nomeamentos e que cre que a transparencia e o diálogo do que o alcalde fala todos os días non lle durou nin un día, que hai dous grupos na corporación, e considera que hai que dialogar cos dous e que o alcalde nomeou os membros da xunta sen consultar con ninguén. De todos os xeitos dona Ana e don Agustín piden a palabra para rexeitar o cargo.

A Sra. secretaria toma a palabra e pregúntalle a don José Agustín Andrés Andrés se acepta ou rexeita o nomeamento.

Polo PP don José Agustín Andrés Andrés expón que agradece o detalle e a deferencia do Sr. alcalde ao telo en conta como concelleiro electo, pero que se debe a outra lista e polo tanto ten que votar non. (aplausos do público).

Polo PP dona Ana Isabel Picos Freijomil expón que ao igual que o seu compañeiro de partido, que agradece a deferencia pero que rexeita o posto. (aplausos do público).

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo pide a palabra e expón que en nome do grupo socialista, como portavoz, e ademais como elixido por decreto da Alcaldía para formar parte da xunta de goberno local, que el o dixo bastante claro na sesión de constitución desta corporación, que con eles non conte para formar goberno de ningunha maneira, de ningunha maneira, que cre que quedou claro, pero que se non quedou claro quere repetilo hoxe aquí, que lle parece non soamente a actitude política, como dicía o voceiro do Partido Popular, senón como actitude persoal, que cre que como actitude persoal o mínimo é ter falado, ter dialogado, ter preguntado porque que te decates que es nomeado de algo nun sitio sen ter contado contigo pois que lle parece unha falta de educación e de respecto bastante notorio (aplausos do público). E que quería á parte de rexeitar el mesmo, e pregúntalle á secretaria se hai que rexeitalo por escrito ou se vale de palabra.

A Sra. secretaria responde que chega de palabra.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo continúa dicindo que quere que quede moi claro que rexeita formar parte do goberno presidido por Ricardo Alejandro Matías Sánchez Oroza (aplausos do público). E que pide tamén que non se publique esta resolución no Boletín Oficial da Provincia.

A Sra. secretaria expón que non se publicará.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo continúa dicindo que non quere que se publique porque el non quere formar parte en ningún medio público de ningunha xunta de goberno do que non está de acordo. Que lle pasa a palabra ao compañeiro Agustín Sanz para que el diga o que teña que dicir tamén.

Polo PSOE o Sr. Agustín Sanz Horcajo di non (aplausos do público), que non quere formar parte da xunta de goberno local do alcalde presidente Sr. Ricardo Sánchez Oroza. Di non (aplausos do público).

O Sr. alcalde toma a palabra e expón que vai tratar de ser o máis breve posible, que eles seguen pensando (comentarios do público), que el representa a xente tamén (risas do público); que a emerxencia que vive Miño é económica, é social... e dirixíndose ao Sr. Jesús Veiga dille que non lle causa graza ningunha.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín responde que a el tampouco (alboroto do público)

O Sr. alcalde continúa dicindo que a el tampouco debería facerlle graza porque é un dos máximos responsables de que o concello estea no estado no que está.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín responde que a emerxencia é o soldo do alcalde (aplausos do público).

O Sr. alcalde expón que a emerxencia vén dada por cuestións como as seguintes: a cuestión de Fadesa é principal, eu leva aquí tres semanas, tres semanas que lle serviron para comezar a levantar alfombras (risas e comentarios do público), que non lle caiba dúbida ningunha, e xa hai unhas cuestións que son bastante importantes, no tema dos trinta anos que leva o Sr. Veiga como tenente de alcalde e pídelle que non o interrompa.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín pregúntalle en que punto estamos (risas do público).

O Sr. alcalde responde que estamos no punto que estamos tratando e que o Sr. Veiga sábeo moi ben; e continúa que o Sr. Veiga é responsable fundamental de todo o que aquí hai, e terá que facerse cargo. En canto ao PSOE de Miño tamén lle cabe unha responsabilidade compartida por anos de oposición nos que non lograron... (berros do público) que el non interrompeu a ningún concelleiro cando falou, e continúa dicindo que digan o que digan el por algún motivo se foi do PSOE (comentarios do público) aquí hai contratos vencidos que nunca se revisaron, hai unha serie de pagos a facer sobre contratos vencidos que nunca foron denunciados pola oposición.

Polo PSOE a Sra. Catalina Morado Fariña pregúntalle que facía el.

O Sr. alcalde responde que a oposición ten un portavoz, e ten unha secretaria xeral da que serán responsables, e que aquí hai responsabilidades compartidas, das que

ninguén obviamente se quere facer cargo (comentarios do público) e que niso están e que non vai dicir nada neste punto porque ao fin e ao cabo é unha dación de contas. Que non queren sumarse a resolver os problemas? Pois as responsabilidade demandaránlles os propios veciños (berros do público), os propios veciños que non son só o PSOE.

Polo PSOE a Sra Emma González Álvarez responde que son tamén o PP e o Bloque (comentarios do público).

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo pide a palabra por alusións, e que cre que aquí aínda que non é un punto de debate, que se abriu quendas e se acaba de citar ao partido socialista e en concreto a este portavoz, pois que cre que calquera veciño ou calquera cidadán aínda que non sexa veciño, pode entrar na súa páxina web e ver as actas das sesións plenarias de toda esta lexislatura e poden ver a actitude tanto do partido socialista, na cal por desgraza tivemos como compoñente a un señor que agora foi elixido alcalde por 234 veciños, cando se arroga a lexitimidade e de que vai salvar, non sabe a quen vai salvar, pois é o mero carácter dunha persoa despótica, ditadora e absolutista (aplausos do público). Dirixíndose directamente ao alcalde lle dí: "Realmente Ricardo teño que dicir que por desgraza es o fiel reflexo de todo aquilo que criticabas, es o fiel reflexo de todo o que criticabas, porque se te das conta estás ti só, puxéronte aí pero ti non fuches elixido polos veciños, non sei se te das de conta que houbo unhas eleccións democráticas, non sei se sabes o que é iso, democracia, votación, responsabilidade, non sei se te dás de conta, de que faltaches a esa responsabilidade; e cando eras concelleiro do PSOE fuches o que máis faltaches a todas as sesións plenarias, consta nas actas, pódese ver, as súas faltas de asistencia." Entón que o alcalde fala da responsabilidade da oposición, da responsabilidade do goberno, evidentemente que terán responsabilidade por non resolver moitos problemas, pero estiveron traballando, cousa que o alcalde non, que estivo traballando no seu propio interese (aplausos do público).

O Sr. alcalde expón que lle vai ler algo que o Sr. Faraldo dixo nun pleno no mes de setembro (alboroto do público) que o vai volver ler "deberíamos saber que en democracia, o partido maioritario non pode impoñerse á maioría formada por outras forzas políticas, que un 40% non é maioría absoluta, e que 5+2 son máis que seis"

Polo PSOE a Sra. Catalina Morado Fariña expón que doce é máis que un (comentarios do público)

O Sr. alcalde responde que seis máis que un, claro; e continúa dicindo que non se caia na trampa (alguén o interrompe) e di que teñen unha solucións, que se poñan de acordo e que fagan unha moción de censura, expresión máis clara de bipartidismo.

Polo PSOE a Sra. Catalina Morado Fariña preguntalle se llo vai mandar el tamén.

O Sr. alcalde responde que llelo suxire, e que tal como eles lles suxiren a el que dimita, pois que lle suxire que a forma tamén democrática de facelo é que eles, PSOE e PP, se poñan de acordo.

Polo PSOE a Sra. Catalina Morado Fariña expón que o alcalde dá leccións.

O Sr. alcalde expón que simplemente está a responder ao que se lle di.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que o Sr. alcalde o que tiña que facer é cumprir os acordos (hai aplausos e berros do público).

O Sr. alcalde expón que o acordo ao que chegaran traducíuse nun papel que para el era inadmisibile. E que o Sr. Jesús Veiga, xa está amortizado como alcalde e se quere seguir sendo alcalde, pois terá que acordar co PSOE e que o poñan en tal cargo (comentarios do público).

A Sra. secretaria pregunta se pode pechar xa o punto e expón que vai facer unha dilixencia de que non queda constituída a xunta de goberno local porque non ten membros e que non se vai proceder á publicación do decreto.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que cre que hai que aclarar, porque na lexislación que rexe nestes casos, establece que a xunta de goberno local é un órgano necesario nos concellos de máis de cinco mil habitantes entón el o que pide é un informe xurídico para se iso inhabilita dalgunha maneira, ao non existir xunta de goberno local, inhabilita á alcaldía para ir exercendo as súas funcións ou hai algún tipo de trabas, porque o que é evidente é que un alcalde que soamente governe el, aínda

que se chame de nós, como aqueles reis absolutistas que se trataban de nós, pero é verdade que é unha persoa única, aínda que isto só ocorra na doutrina católica na que existen pai, fillo e espírito santo nunha soa persoa, aínda que no caso deste alcalde agardemos que non sexa así, a cuestión está en que este señor entende que se un día se pon enfermo, o cal el tampouco desexa evidentemente, pero se xurdise algún tipo de contratempo para o seu exercicio, quedaríamos sen goberno, sen xunta de goberno porque non existe e sen actividade municipal e que é evidente que esta é unha situación totalmente insostible e polo tanto que a lexislación algo terá que prever nestes casos, e que pide que se faga o informe xurídico correspondente para ver cales son os pasos a seguir.

A Sra. secretaria expón que llo ten que pedir un terzo, se non é o alcalde.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo responde que do seu grupo o piden os seis.

A Sra. secretaria expón que o piden os seis e pregunta se inclúen ao PP. E explica que non pode emitir informes sen este requisito.

Finalizadas as intervencións resulta que non queda constituída a xunta de goberno local por non aceptar os cargos as persoas designadas polo alcalde, non procedendo en consecuencia a publicación do decreto no BOP.

Dáse conta do Decreto de Alcaldía de nomeamento de tenentes de alcalde:

"Constituída a nova corporación, na sesión extraordinaria de data 13 de xuño de 2015, como consecuencia das Eleccións locais celebradas o día 24 de maio de 2015, estímase procedente deseñar o novo réxime de organización e funcionamento desde Concello, dentro do cal se encontra a Xunta de Goberno Local como órgano de carácter necesario nos municipios que contan cunha poboación de dereito superior a 5.000 habitantes segundo o artigo 20.1.c) da LRBRL.

Considerando que segundo determinan os artigos 23.3. da LRBRL e 46 do ROF, os tenentes de alcalde son libremente nomeados polo alcalde de entre os membros da Xunta de Goberno Local e, onde esta non exista, de entre os concelleiros.

Visto o disposto nos parágrafos anteriores, esta Alcaldía en uso das facultades que lle confiren os artigos 21.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e 46.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, **resolve:**

1º.- Nomear como tenentes de alcalde do Concello de Miño aos membros da Xunta de Goberno Local que a continuación se relacionan:

1. DON JOSÉ AGUSTÍN ANDRÉS ANDRÉS.
2. DON MANUEL VÁZQUEZ FARALDO.

Aos Tenentes de alcalde nomeados, logo da aceptación do seu cargo, correspóndelles en canto tales, substituír o alcalde na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións.

2º.- Notificar o presente decreto aos designados na sesión plenaria de organización aos efectos da súa aceptación ou rexeitamento.

3º.- Publicar o presente decreto no BOP, sen prexuízo da súa efectividade a partir do día da data."

A continuación ábrese na sesión plenaria a rolda de intervencións:

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que aínda que é dar conta, o Partido Popular non está de acordo tampouco con estes nomeamentos, aínda que particularmente cando menos Agustín vai rexeitalo, e que o Partido Popular non está de acordo con estes nomeamentos.

Polo PP o Sr. José Agustín Andrés Andrés expón que como xa expresou anteriormente agradece pero que o seu desexo é non aceptar o cargo.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que dá por reproducidas as súas palabras de antes e que tamén rexeita de maneira categórica este nomeamento e volve pedir que non se publique no Boletín oficial da provincia este decreto, e rexeita categoricamente este nomeamento.

Finalizadas as intervencións resulta que non existen nomeamentos de Tenentes de Alcalde por non aceptar os cargos as persoas designadas polo alcalde, non procedendo en consecuencia a publicación do decreto no BOP.

A Sra. secretaria expón que vai facer a mesma dilixencia que no decreto anterior, que non se aceptan os cargos e que non se procede á publicación do decreto no BOP.

5º.- CREACIÓN, COMPOSICIÓN E DETERMINACIÓN DAS SESIÓNS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.

Dáse conta da proposta da Alcaldía:

"Visto o disposto no artigo 20.1.c) da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción dada á mesma pola Lei 11/1999, do 21 de abril, conforme o cal nos municipios de máis de 5.000 habitantes existirán "órganos que teñan por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que deban de ser sometidos á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión do alcalde, a Xunta de Goberno Local e os concelleiros que posúan delegacións, sen prexuízo das competencias de control que corresponden ó Pleno. Tódolos grupos políticos integrantes da Corporación terán dereito a participar nos ditos órganos mediante a presenza de concelleiros pertencentes ós mesmos."

Visto o disposto no artigo 124.2, en relación co artigo 125 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, conforme os cales corresponde ó Pleno da Corporación, a proposta do alcalde – presidente, a determinación do seu número e denominación iniciais, procurando a proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na Corporación, e tendo en conta que nin a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia nin o ROF limita o número da súa composición, esta Alcaldía propón ó Pleno municipal a creación das seguintes comisións informativas permanentes:

COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E FACENDA, que actuará como comisión permanente para os asuntos relativos a economía e facenda e cuxo funcionamento axustarase ao establecido nos artigos 123 a 126 e 134 a 138 do ROF, sendo convocada coa antelación suficiente para emitir ditame nos asuntos da súa competencia.

Estará integrada:

1º.- Presidente:

O ALCALDE – PRESIDENTE.

2º.- 2 vogais do PSOE.

3º.- 2 vogais do PP."

Deseguido comeza a rolda de intervencións

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín pide a palabra e expón que o mesmo de antes, que con eles non falou ninguén e que o diálogo e a transparencia do Sr. Ricardo brilla pola súa ausencia, e que eles votan en contra destas comisións, mentres non haxa diálogo cos grupos. (comentario)

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que cre que falta por ler a composición da comisión de asuntos xerais.

"COMISIÓN DE ASUNTOS XERAIS, que actuará como comisión permanente para tódolos asuntos que deban de ser sometidos á decisión do Pleno municipal, excluídos os relativos a economía e facenda, e da Xunta de Goberno Local cando esta actúe con competencias delegadas polo Pleno, salvo cando haxan de adoptarse acordo declarados urxentes, e cuxo funcionamento axustarase ao establecido nos artigos 123 a 126 e 134 a 138 do ROF, sendo convocada coa antelación suficiente para emitir ditame nos asuntos da súa competencia.

Estará integrada:

1º.- Presidente:

O ALCALDE – PRESIDENTE.

2º.- 3 vogais do PSOE.

3º.- 3 vogais do PP."

Continúa a rolda de intervencións

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que ata agora, na anterior lexislatura, tiñan aprobado que houbera unha comisión de contas que é obrigatoria pola lei, e tiñan aprobado que houbera un presidente e dous vogais do PP e dous vogais do PSOE, neste caso para manter a proporcionalidade da representación dos distintos grupos, pois aquí se respecta esa proporcionalidade, pero como se comentou antes polo voceiro do grupo Popular que dicía que non se falou con eles, pois que co grupo socialista tampouco e que cre que con quen menos se falou foi co grupo socialista e que eles tamén ven que na comisión de asuntos xerais que se pon a un presidente e tres vogais do PSOE e tres do PP e que entenden que aquí non se respecta a proporcionalidade estrita porque se estarían deixando a tres persoas de cada partido fóra das decisións destas comisións informativas, que é evidente que o Partido Popular ten seis concelleiros e o PSOE tamén, e que cre que para el o máis lóxico sería que foran seis vogais do Partido Popular e seis vogais do Partido Socialista e o presidente, e que polo tanto estivera representada toda a Corporación, e que entón eles isto non o poden aprobar e que van votar en contra por estes motivos que acaba de expoñer.

O Sr. alcalde expón que quere aclarar porque vén insistindo reiteradamente, que se o alcalde non se puido reunir co PSOE é pola súa negativa e a súa cerrazón permanente (alboroto do público) e continúa dicindo que non lle ve a graza a todo isto (alboroto do público) porque se lles chamou e se lles convocou e negáronse constantemente a reunirse. (comentarios do público)

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que ata o de agora soamente recibiu unha chamada do alcalde e un burofax para citarme a unha reunión hai uns días sobre un asunto informativo, e que é a única chamada que recibiu do alcalde, a única, agás que agora diga o contrario porque estaría mentindo (aplausos do público).

O Sr. alcalde expón que o que non quita que sigan abertos a sentarse e a chegar a acordos, tal e como tamén o pide Jesús Veiga.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que o Sr. alcalde se sentou con quen quixo.

O Sr. alcalde responde que non, e expón que el o chamou, que outra cousa é que el non atenda ao teléfono (comentarios do público).

Polo PSOE a Sra. Catalina Morado Fariña di que é mentira.

O Sr. alcalde continúa dicindo que tiveron unha reunión e a seguinte que a tiveron que suspender (comentarios do público).

A Sra. secretaria toma a palabra e expón que se non se constitúen as comisións informativas que se vai entorpecer o funcionamento do concello (alboroto do público). E explica que fala para os dous grupos, aínda que teña o costume de mirar para un lado.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que haberá algunha fórmula legal, e que hai temas importantes, sobre todo un tema importante porque hai un prazo de poucos días, e que estarán abertos todos os grupos..

A Sra. secretaria volve tomar a palabra e expón que esta é unha situación totalmente novedosa (alboroto do público), que as non hai sentenzas ao respecto das consecuencias xurídicas da falta de composición dos órganos colexiados e que se vai sentar xurisprudencia (alboroto e aplausos do público). Que a proporcionalidade na comisión de asuntos xerais si se garda, porque están tres e tres.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que se garda pero é insuficiente.

A Sra. secretaria continúa dicindo que outra cousa é que consideren que non é a correcta ou que consideren que están mellor defendidos os intereses con outra proporcionalidade.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que o tema é máis ben de fondo, non é por crear as comisións informativas, porque hai que crealas, que o tema é de ética e de estética (risas do público), que non falou con ninguén e que llo volve recalcar (alboroto do público).

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que ante a apreciación da secretaria, que é verdade que a pesar da actitude pouco dialogante por parte da alcaldía,

prepotente e arrogante, a pesar diso, é certo que hai unha serie de tarefas de funcionamento ordinario que irían en prexuízo dos veciños e que eles se os demais membros do pleno están de acordo, que eles aceptarían formar a comisión de contas, porque é obrigatoria por lei, e a comisión de asuntos xerais sempre e cando se incorporen os seis concelleiros do grupo popular e os seis concelleiros do grupo socialista e o presidente, máis que nada porque funcionen os servizos públicos máis esenciais, máis que nada por esa responsabilidade. É evidente que os veciños non teñen culpa desta situación e todo ao que eles se deben é aos veciños, que el o pon sobre a mesa como unha emenda e se os demais compoñentes da Corporación están de acordo, aínda que só sexa neste caso, a pesar de que non houbo diálogo, simplemente por defender os intereses xerais dos veciños e os máis inmediatos porque é verdade que a administración quedaría paralizada, que eles poñen sobre a mesa este tema pero coa proporcionalidade de un, dous, dous na comisión de contas que era como estaba máis ou menos antes, e aumentando a toda a corporación na comisión de asuntos xerais e pregunta se lles parece ben aos demais membros da corporación (aplausos do público).

A Sra. secretaria pregunta se están todos de acordo incluído o alcalde

O Sr. alcalde responde que si.

A Sra. secretaria expón que hai que dicir os nomes dos membros da comisión de contas, e aclara que os temas importantes tráense a pleno e que no pleno se fai a labor de control político, que se non se constitúen as comisións informativas veríase entorpecido o funcionamento da corporación, e que os temas importantes, independentemente de que se chegue a un acordo ou non, non se poderían xestionar e as consecuencias serían indeterminadas. E que agradece que se aprobe.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga pregunta se teñen que dar os nomes agora.

A Sra. secretaria responde que llo poden dicir ao longo da semana.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que na comisión de asuntos xerais quedaría toda a corporación, e que na de contas que se lles pasarán por escrito entre hoxe e mañá.

Seguidamente, procédese na sesión plenaria á votación ordinaria da aprobación da creación, composición e determinación das sesións das comisións informativas permanentes co seguinte resultado: 13 votos a favor do Grupo mixto, PP e do PSOE (sendo trece o número legal de membros da Corporación), polo que o Pleno municipal acorda por maioría absoluta e unanimidade:

COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E FACENDA

Estará integrada:

1º.- Presidente:

O ALCALDE – PRESIDENTE.

2º.- 2 vogais do PSOE.

3º.- 2 vogais do PP.

A composición concreta da Comisión Especial de Contas e Facenda é a que se indica a continuación:

1º.- Presidente:

O Alcalde – Presidente

2º.- Vogais

Don Manuel Vázquez Faraldo (titular - PSOE)

Dona Catalina Morado Fariña (suplente - PSOE)

Don Moisés Dopico Longueira (titular – PSOE)

Don Agustín Sanz Horcajo (suplente - PSOE)

Don José Agustín Andrés Andrés (titular – PP)

Dona Ana Isabel Picos Freijomil (suplente – PP)

Don Antonio Doce Lourido (titular – PP)

Dona Josefina Romeu Pérez (suplente – PP)

COMISIÓN DE ASUNTOS XERAIS

Estará integrada:

1º.- Presidente:

O ALCALDE – PRESIDENTE.

2º.- Vogais

DON MANUEL VÁZQUEZ FARALDO (PSdeG - PSOE)

DONA MARÍA CATALINA MORADO FARIÑA (PSdeG - PSOE)

DONA EMMA GONZÁLEZ ÁLVAREZ (PSdeG - PSOE)

DON MOISÉS DOPICO LONGUEIRA (PSdeG - PSOE)

DON AGUSTÍN SANZ HORCAJO (PSdeG - PSOE)

DONA MARINA VARELA LAGE (PSdeG - PSOE)

DON JESÚS VEIGA SABÍN (PP)

DONA JOSEFINA ROMEU PÉREZ (PP)

DON JOSÉ AGUSTIN ANDRÉS ANDRÉS (PP)

DONA ANA ISABEL PICOS FREIJOMIL (PP)

DON ANTONIO DOCE LOURIDO (PP)

DON JOSÉ PAZ CASAL (PP)

6º.- REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Para dar cumprimento ao artigo 38 do ROF, esta Alcaldía propón ao Pleno municipal o nomeamento dos seguintes representantes en órganos colexiados:

1º.- Ao Alcalde – Presidente, Don Ricardo A.M. Sánchez Oroza, como representante da Corporación na Escola Unitaria de Bemantes, na Escola Unitaria de Vilanova e no Consello Escolar do C.P.I. Castro – Baxoi de Miño.

Deseguido comeza a rolda de intervencións

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que o alcalde que di que levantou todas as alfombras, que non sabe se lle quedou algo ou algún documento porque é representante dun consello escolar dunha escola que non existe, a escola unitaria de Vilanova.

A Sra. secretaria expón que foi fallo dela e que o asume.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín continúa dicindo que o asina o alcalde (risas do público).

O Sr. alcalde expón que teñen intención de reabrila.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín rise (alboroto do público) e expón que se tivera capacidade o alcalde....

O Sr. alcalde expón que consideran un erro que se pechara, e que o tentarán, e que apostarán o que poidan pola educación.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que non están de acordo con este nomeamento.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que el tamén quería comentar sobre este aspecto, o 10 de setembro de 2013 en sesión plenaria á que asistiron os concelleiros do partido socialista na que tamén estaba o Sr. Ricardo Sánchez, que non sabe se estaba absorto ou que lle pasou, pois nesa sesión plenaria tiveron a ingrata noticia de que a escola unitaria de Vilanova se pechaba. E que cre que asinar isto denota unha falta total de coñecemento da realidade de Miño, de coñecemento da problemática de Miño e sobre todo de afán de protagonismo, porque ademais que igual que nomeou antes tenentes de alcalde e membros da xunta de goberno, que nin sequera tivo a deferencia de dicir que el non vai representar o concello en todos os centros escolares, e que podería nomear un representante do partido socialista nunha escola e un representante do partido popular noutra escola, que podía falar, comentalo... e nin sequera iso, que el represéntase a si mesmo, a deus e ao espírito santo, representa a todo o mundo. (comentarios do público). E verdade que se vai sentar xurisprudencia, xurisprudencia cre que universal, porque o que pasa aquí non pasa en ningún lado. (risas e comentarios do público).

O Sr. alcalde expón que como en calquera destes puntos, seguirán traballando sobre eles (alboroto do público), e que se refire a todos os integrantes da Corporación.

Seguidamente, procédese na sesión plenaria á votación ordinaria dos representantes da corporación en órganos colexiados co seguinte resultado: 1 voto a favor do Grupo mixto, e 12 votos en contra do PSOE e do PP (sendo trece o número legal de membros da Corporación), polo que o pleno municipal acorda por maioría absoluta rexeitar a proposta relativa ao nomeamento de representantes da corporación en órganos colexiados.

7º.- CREACIÓN DOS POSTOS DE TRABAJO DO PERSOAL EVENTUAL E RETRIBUCIÓN.

Dáse conta da seguinte proposta da alcaldía

"O artigo 104 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establece:

"1.- O número, características e retribucións do persoal eventual será determinado polo Pleno de cada Corporación, ao comezo do seu mandato. Estas determinacións só poderán modificarse con motivo da aprobación dos orzamentos anuais.

2. O nomeamento e cesamento destes funcionarios é libre e correspóndelle ao alcalde ou presidente da entidade local correspondente. Cesan automaticamente en todo caso cando se produza o cesamento ou expire o mandato da autoridade á que presten a súa función de confianza ou asesoramento.

3. Os nomeamentos de funcionarios de emprego, o réxime das súas retribucións e a súa dedicación publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e, se é o caso, no propio da Corporación."

Así mesmo o art. 250 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración local de Galicia establece:

"1.- O número, características e retribucións do persoal eventual serán determinados polo Pleno de cada Corporación ó comezo do seu mandato. Estas determinacións só poderán modificarse con motivo da aprobación dos orzamentos anuais.

2.- Os postos de traballo reservados a este tipo de persoal deberán figurar no cadro de persoal da Corporación.

3.- O nomeamento e cesamento destes funcionarios é libre e corresponde ó alcalde ou ó presidente da Corporación local correspondente. Cesarán automaticamente cando se produza o cesamento ou expire o mandato da autoridade á que prestan a súa confianza ou asesoramento.

4.- En todo caso, os servizos prestados como persoal eventual non poderán constituír mérito para o acceso á condición de funcionario nin para a promoción interna.

Visto o exposto nos parágrafos precedentes, esta Alcaldía propónlle ao Pleno do Concello a creación dos seguintes postos de traballo de persoal eventual como postos de persoal de confianza:

1.1. Número: 1. Denominación: Xefe de prensa e comunicación. Retribucións brutas de 2071,42 euros mensuais por 14 pagas ao ano e o correspondente alta na Seguridade Social.

Ditas retribucións revisaranse anualmente no porcentaxe que se aplique ao persoal funcionario, de conformidade coas disposicións legais correspondentes."

Deseguido comeza a rolda de intervencións:

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín pide a palabra e expón que o grupo popular vai votar que non e vaine votar que non, aínda que non ten nada en contra dos profesionais da prensa, estaba ou está tan mal este concello que o primeiro que fixo o alcalde é un contrato de servizos para un técnico de prensa para quitar na prensa todo o traballo que quedaba do grupo popular anterior, o que está anunciando vostede, tres obras, os chamados vulgarmente os plumachos en Fadesa, xestión deste señor que está aquí. Todo o que está anunciando vostede, que tivo que facer un contrato de servizos para un xefe de prensa, e di o alcalde que economicamente está mal o concello, e o xefe de prensa vai cobrar máis que o alcalde anterior, máis que a nómina que tiña eu, estamos de coña. O voto deles é non.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que el con respecto a este punto quere dicir que é verdade que o lóxico é que todo o mundo que se dedica a unha función debería ter unha retribución minimamente xusta e minimamente axeitada ao labor que desempeña, este é un principio básico; e así como antes había tres postos de dedicación exclusiva na corporación e que é lóxico e o prevé a lei de que haxa postos de dedicación exclusiva; neste caso concretamente que eles foron moi moi moi críticos con dous postos que houbo de asesores na lexislatura anterior, que logo se reduciu a un, foron críticos porque consideraban que non eran os postos a ocupar por persoas alleas e que se poderían facer eses labores por persoal que había no concello contratado e polo tanto eles votaron en contra deses postos de libre designación. Neste caso concorre a mesma filosofía, é dicir, que eles entenden que contratar a un xefe de prensa e comunicación, ademais é unha das primeiras medidas que se adoptou por esta alcaldía, que lles parece que é unha mera maquillaxe, unha intencionalidade de vender fume, de vender cousas que non se fixeron, porque é verdade que se están anunciando cousas que estaban aprobadas na lexislatura anterior, podemos ver que agora mesmo se está pavimentando a rúa Taíña que é unha obra aprobada no Plan de obras e servizos da Deputación, que foi aprobada na lexislatura anterior por unanimidade dos grupos presentes naquel momento. Pero o que é máis chocante aínda, se ademais de tomar esta medida de contratar un xefe de prensa, que aínda non sabemos quen é ese xefe de prensa, que habería que saber quen é, nome e apelidos (alboroto do público), e saber se esa persoa cumpre os requisitos, se ten un currículo, unha capacidade profesional, que supón que isto está debidamente xustificado, supón que a ninguén se lle oculta a problemática económica que ten o concello e supón que haberá un informe de intervención onde precisamente avale esta posibilidade, e que a el lle custa crer que a intervención lle dea validez a isto despois de toda a situación económica na que se atopa o concello, e máxime cando o que se lle asigna é unha retribución bruta de 29.000 euros ao ano. Que a el lle parece desproporcionada esta contía e que lle parece inxustificada a función, claro, se o que se trata é de vender fume, porque se realmente o que quere o alcalde é traballar polos veciños e resolver os problemas dos veciños, que o faga, porque xa os veciños o van ver, pero que non fai falla que o venda, que non fai falla que o venda e que traia a un profesional, se é profesional, que supoño e agardo que o sexa, se esta praza é para a persoa que todos pensamos que é, pero non se sabe quen é exactamente, non se sabe, se iso é así, o que ten que facer o alcalde é ese diñeiro dedicalo a outras cousas e que cando saia na prensa que siga falando tan ben como fala, porque sae moi ben nos periódicos, que siga falando e dicindo todo o que queira pero que non fai falla que teña un xefe de prensa, porque os xornalistas seguro que veñen e lle poñen o micrófono e sae e di todo o que queira. Que eles van votar en contra evidentemente por todo o que acaba de expoñer (aplausos do público).

O Sr. alcalde expón que á pregunta que fai o Sr. Faraldo sobre se é unha persoa formada para tal posto, acredítano oito anos como xefe de prensa do concello de Oleiros, dende 2007 ao 2015 (comentarios do público); é obvio que antes do seu nomeamento presentou o seu currículo e a súa proposta de traballo. Ao tema de se corresponde ou non, que el entende que si corresponde porque se trata de persoal de confianza.

A secretaria municipal explica que o persoal de confianza é de libre designación, é dicir, pódese estar de acordo ou non co nomeamento porque é unha cuestión que decide o pleno, pero non é necesario presentar ningún currículo, porque é un persoal de confianza. É algo que nomea libremente o alcalde e non pasa un proceso selectivo, pode coller á persoa que queira, outra cousa é que o pleno o aprobe ou non.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que quere matizar, polo que acaba de dicir a secretaria, que aquí polo que acaba de dicir o alcalde, o que queda claro é que se vai a contratar un profesional, e que aquí na resolución non se citaba, e que esa era a súa dúbida. Agora, se se contrata a un profesional, que lle parece ben que se contrate un profesional porque non ten nada en contra do profesional nin da persoa, pero ollo aquí o que se di é que o alcalde ten a liberdade de elixilo pero o pleno ten a potestade de aproballo.

A secretaria di que efectivamente.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo continúa dicindo que eles o que piden é o correspondente currículo, que parece ser que está entregado, que haxa o correspondente informe de intervención, que non sabe se o hai, e o que ten que haber é unha confianza pola nosa parte, e nin se lles presentou nin se lles dixo quen era, e como se pode ver na resolución, porque todo se fala e todo se coñece por decreto, que el non sabía aquí nin quen era a persoa, podía ter unha idea, pero non o sabía, porque igual que se contrata ao asesor de comunicación que veu, que di o alcalde que vén de Oleiros, pois que podía ser outra persoa.

A secretaria explica que pode ser outra persoa, porque aquí o que se aproba é a creación do posto, non a selección do mesmo (alboroto do público).

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo repite que ese é o tema, e que ao mellor mañá aparece outra persoa neste posto (continúa o alboroto público).

A secretaria expón que puidera ser (aplausos do público). Que o pleno é competente para a creación do posto, agás que tiveramos unha RPT aprobada, que tamén é competencia plenaria, na que estiveran previstos os postos de persoal de confianza, como ocorre noutros concellos, a elección da persoa concreta que os ocupa é libre por parte do alcalde. E que con respecto ao informe de intervención en principio habería crédito na partida orzamentaria.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo pregunta como non vai haber partida orzamentaria, se antes había 66.000 euros en gastos para isto, pero eran tres persoas. E aquí en dous persoas se van coller 69.000 euros. Antes había tres persoas e agora vai haber dúas e ademais son omnipotentes.

A Sra. secretaria expón que iso é unha cuestión de oportunidade política na que non vai entrar.

O Sr. alcalde expón que no ano 2014 os gastos por estes conceptos foron por 96.000 euros (comentarios do público), o que significa que polos mesmos conceptos se están gastando 30.000 euros menos (alboroto do público).

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que se hai que aforrar botamos aos funcionarios, ímonos o resto da Corporación e que quede o alcalde só, así aforra todo, xa a ser populista.

O Sr. alcalde expón que esas son palabras do Sr. Faraldo, non súas.

Seguidamente, procédese na sesión plenaria á votación ordinaria da creación dos postos de traballo do persoal eventual e retribucións co seguinte resultado: 1 voto a favor do Grupo mixto, e 12 votos en contra do PSOE e do PP (sendo trece o número legal de membros da Corporación), polo que o **Pleno municipal acorda** por maioría absoluta rexeitar a proposta presentada relativa á creación dos postos de traballo do persoal eventual e retribucións.

8º.- DETERMINACIÓN DOS CARGOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA E DETERMINACIÓN DAS ASIGNACIÓNS E INDEMNIZACIÓNS AOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o disposto no artigo 75 da lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, conforme o cal os membros das corporacións locais poderán percibir retribucións polo exercicio do seu cargo cando os desempeñen en réxime de dedicación exclusiva.

Vista a necesidade de contar con concelleiros en réxime de dedicación exclusiva para conseguir unha maior axilidade no desenvolvemento e prestación de determinados servizos ós cidadáns, esta alcaldía propón ó pleno municipal a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar a dedicación exclusiva do Alcalde – Presidente, Don Ricardo A.M. Sánchez Oroza, de acordo co disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, cunhas retribucións brutas de 2.857,14 euros mensuais por 14 pagas ao ano e o correspondente alta na Seguridade Social, con efectos retroactivos dende a toma de posesión.

Ditas retribucións se revisarán anualmente no porcentaxe que se aplique ao persoal funcionario do Concello, de conformidade coas disposicións legais correspondentes.

2º.- Os membros corporativos non suxeitos a ningún tipo de réxime de dedicación parcial ou exclusiva, percibirán dietas en concepto de asistencia, pola súa concorrencia efectiva ás sesións do pleno da Corporación, a xunta de goberno local, as comisións informativas nas seguintes contías:

Presidente: 150 euros.

Vocais: 125 euros

3º.- Proceder a publicación do presente acordo no BOP, ós efectos do disposto no artigo 75.5 da LRBL.

4º.- Polo que respecta ás indemnizacións, e de acordo co disposto nas Bases de Execución do orzamento, base 62ª, punto 3º, fixar que as indemnizacións por gastos ocasionados por comisión de servizos encomendado ós cargos electos rexeranse polo Real Decreto 462/2002, e disposicións de desenrolo ou normas de carácter xeral que as substitúan coas particularidades seguintes:

- Por aloxamento e gastos de viaxe en medios de transporte público, aboarse o importe do realmente gastado e xustificado documentalmente.
- Por manutención aboarse igualmente o importe dos gastos efectivamente realizados ó efecto.
- En caso contrario, indemnizaranse na contía sinalada O GRUPO 1 dos Anexos II e III do citado Real Decreto. As contías son as seguintes:
 - o Por aloxamento: 102,56 euros.
 - o Por manutención: 53,34.
 - o Dieta completa: 155,90 euros.

Cando os membros da Corporación viaxen en comisión de servizo ou asistan a cursos debidamente autorizados, serán indemnizados cando o fagan en vehículo propio e fóra do termo municipal a razón de 0,19 euros/km. Se a viaxe se efectuase doutro xeito polo importe xustifico."

De seguido comeza a rolda de intervencións:

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que aínda que o alcalde hoxe na prensa di que aínda que lle retiren o soldo que vai seguir sen cobrar (comentarios do público), pero que polo de pronto trae unha proposta de 2.857 euros, que debe de haber diñeiro, no concello debeu quedar diñeiro...

O Sr. alcalde responde que hai débedas.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín continúa dicindo que vai cobrar o dobre que cobraba el, que el levaba para casa uns 1380 euros, e que el vai cobrar o dobre (alboroto do público).

O Sr. alcalde expón que o Sr. Veiga deixou tres millóns e medio de débeda en monte Piñeiro, e vinte e un millóns de euros en Fadesa.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que entón non se poña o soldo.

O Sr. alcalde expón que quere facer unha proposta agora mesmo a todos, que ninguén cobre e que traballen todos gratis, non hai ningún problema.

O Sr. alcalde expón que o Sr. Veiga pídelle que o deixe rematar e continúa dicindo que calquera alcalde ou calquera concelleiro debe de cobrar, si, pero na súa xusta medida; e ademais se di, como xa dixo na prensa, que hai moitos problemas sociais, non sabe o que está facendo porque ademais non o di.

O Sr. alcalde responde que hai bastante para dicir.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que non hai bases nin hai nada, porque se o alcalde está axudando a algunha xente do pobo, que supón que todos están de acordo con iso, pero que non hai nin bases; e que hai familias que están indefensas porque non coñecen iso.

O Sr. alcalde responde que o dos servizos sociais é que non hai palabras para describir o estado como deixou o anterior grupo de goberno os servizos sociais, non hai palabras para describilo

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín replica que o mellorou o alcalde en dous días.

O Sr. alcalde responde que en dous días non se pode resolver a desfeita na que deixaron os servizos sociais o anterior equipo, deixaron a xente vivindo en Gallamonde (O Sr. Veiga rise) e dille que non se ría que non é para rir, é para chorar, e que non sabe que lle causa tanta graza. Pero que non están falando diso, senón dos soldos; e que el está disposto a traballar sen ningún tipo de retribución, perfecto, pero que se eliminen tamén as asistencias a plenos e o demais, poñámonos de acordo neste punto e rematouse. (alboroto do público). E continúa dicindo que o punto pode aprobarse por separado. Que a dedicación exclusiva do alcalde ten 30.000 euros menos.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín replícalle e repítelle que é o dobre do seu (comentarios do público).

O Sr. alcalde responde que igual por iso, porque el aínda non lle creou ningún problema ao concello. (berros e aplausos do público) E continúa dicindo que hai unha débeda de case catro millóns de euros nos bancos, hai unha débeda de tres millóns e medio máis os seus intereses en monte Piñeiro e hai unha débeda de vinte e un millóns de euros en Fadesa que se fixo a conta de baixos salarios nos soldos dos políticos... é para xestionar como corresponde (alboroto do público), que o vale e que o vai demostrar pese a vostedes.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que o grupo popular vai votar en contra pola cantidade desmesurada do seu soldo (aplausos do público).

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo pregunta se se pode votar este punto por separado.

A Sra. secretaria explica que si, que é un punto xenérico de retribucións por dedicacións exclusivas, parciais e asistencias.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que vai comezar polas asistencia e pregunta se estas son as retribucións que establece o real decreto e se son as mesmas que estaban anteriormente.

A Sra. secretaria responde que si.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo continúa dicindo que eles neste aspecto, se é o aprobado por lei, que lles parece correcto que se calquera membro da corporación ten que facer unha viaxe ou calquera tipo de desprazamento, pois que cobre a contía que se establece, porque se está establecido por lei eles contra iso non van dicir nada. Con respecto ao punto que se establece para as comisións informativas, para o presidente 150 euros e para os vogais 125 euros, que eles cren que é anticonstitucional que se retribúa no mesmo órgano de maneira distinta ás persoas que participen nese órgano, entenden que non é axeitado á lexislación e polo tanto cren que esta proposta carece de validez xurídica e polo tanto van votar en contra. Con respecto ao salario, a cantidade de 40.000 euros, o anterior alcalde cobraba 22.500 euros, o alcalde da Coruña acábbase de poñer 40.000 euros, a alcaldesa de Barcelona, de Barcelona que non están a falar de ningunha vila, 40.000 euros. (risas do público). E que el xa sabe que Miño, polo que se ve, é un caso único, e imos establecer aquí case doutrina, pero doutrina no salario parécelle excesivo, se aquí se trouxera unha proposta minimamente normal, pois podía ser discutible e incluso cre que o máis básico é que se falara, e que nunca estiveron en contra que o anterior alcalde tivera un salario e houbera unha dedicación exclusiva por parte dos membros da Corporación como anteriormente dixo. Si estaban en contra dos asesores e dos cargos de confianza, cren que se se fai unha labor ten que ser retribuída dentro duns parámetros normais, cre que os 22.500 tal e como está a situación económica en xeral e como está a situación económica en particular en Miño, cre que os 22.500 era unha contía razoable. Pero claro, que aquí o Alcalde non falou con ninguén, polo menos con eles non falou. E por outra parte que o alcalde se arroga unhas prerrogativas que como alcalde as pode ter, pero non as ten por respaldo da poboación, non as ten por respaldo da Corporación, e que cre que o mínimo que tiña que facer é tentar ser apoiado. 40.000 euros é incrementar un 81% a contía que había, practicamente, e que cre que esta contía é totalmente inasumible; que o alcalde di que vai traballar gratis, traballando gratis levamos case todos moito tempo, eles consideran que a dedicación e a participación nunha corporación é unha dedicación de maneira voluntaria, porque a ninguén o obriga, e que supón non soamente un sacrificio económico senón un

sacrificio persoal, e que el o sabe porque coñece as circunstancias persoais de moitos de nós, e que o sabe, asistir ao pleno e demais, e que sabe que coa axuda de custo que se percibe por asistir a un pleno non compensa para nada o custe económico e persoal, é dicir, que pola axuda de custo que se recibe por vir a un pleno, ningún concelleiro nin o alcalde, se fai rico. Esa non é a cuestión, senón que a cuestión é vir aquí a resolver os problemas dos veciños, e o básico é vir aquí resolver os problemas dos veciños porque os veciños te elixen, ese é o básico, e resulta que aquí os veciños elixiron ao partido socialista con 1555 votos e ao partido popular con 1389. É dicir que os veciños o que querían era que maioritariamente os gobernase o partido socialista e en segundo lugar lle asignaron ao partido popular 1389 votos e en último lugar che asignaron a ti 234 e despois ao BNG 192, que non chegou a entrar na corporación. E que o alcalde o que se ten que dar conta é que non ten lexitimidade, entón se quere facer algo digno polo pobo (alguén di "irte"), pero antes de irse ten que facer unha cousa, convocar un pleno antes do 15 para acollernos ao Real decreto de medidas extraordinarias que establece a lexislación vixente para poder afrontar dalgunha maneira o pago que esixe a sentenza firme de execución de pago. Iso deberías de convocar ao pleno, e piden que haxa o informe xurídico correspondente e o informe de intervención que avale ese pleno e o ten que facer antes do 15.

A Sra. secretaria pide que se remate este punto e que logo se fale dese tema porque houbo unha nota aclarativa na plataforma que comunicaba que o prazo é do 16 ao 31 para acollerse ao fondo. Que o pago a provedores sería do 1 ao 15 e estaban chamando por teléfono para confirmalo que sería do 16 ao 31, se se confirma hai tempo para convocalo.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que ten que estar o traballo de secretaria feito. Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo pide que lle permitan rematar e que insiste en que é verdade que esta corporación naceu como naceu e estamos con esta problemática, pero que hai unhas cousas básicas que é a defensa dos intereses dos veciños este é o tema máis grave e máis importante que temos nas mans. Nós como corporación, eu dígoo porque unanimemente e di unánime porque cre que incluído o alcalde está de acordo, nós temos que afrontalo e pedir, e piden que se celebre ese pleno, se hai o informe xurídico correspondente e o informe de intervención correspondente, que eles van avalar poder acceder aos fondos que habilita o ministerio para facer fronte ao pago parcial da sentenza e ao pago aos expropiados de Fadesa. Iso é moi importante, e que pide por responsabilidade de todos se faga, que se convoque ese pleno e acto seguido de convocar o pleno o que lle piden ao alcalde é que dimita (aplausos do público). Que queda claro que votan en contra deste punto, agás da parte das axudas de custo.

A secretaria explica que nos concellos de máis de 5.000 habitante a retribución máxima que poden percibir por dedicacións exclusivas é de 45.000 euros, polo que estaríamos dentro dos límites, e que existe xurisprudencia na que se establece que os presidentes das comisións informativa, das xuntas de goberno e dos plenos poden cobrar un pouco máis que os resto dos membros, polas labores de preparación dos asuntos que fan, que se ao pleno da corporación lle parece moito ou non, que é un tema no que non vai entrar porque non é o seu cometido. Se se vota en contra non se vai retribuír.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que non se expresou ben, que eles van votar en contra do soldo do Alcalde, e que se o alcalde non ten soldo tampouco os concelleiros; e que cando se normalice a situación e que o alcalde, sexa quen sexa, teña un soldo normal cos cargos de goberno que teña, que loxicamente os concelleiros tampouco cobren nada (aplausos do público).

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín quere volver incidir en que eles xa votaron en contra de todas estas medidas que iso non quere dicir que o alcalde ou calquera concelleiro cobre, que debe cobrar, haberá que discutilo. Pero eles á proposta de Ricardo votan en contra.

A Sra. secretaria pregunta se votan en contra de todo, agás do punto cuarto.

O Sr. alcalde aclara que si, agás o punto cuarto. E expón que entorno dalgunhas cuestións das que falou Manolo, que lle alegra saber que se dan conta da importancia

da cuestión de Fadesa (alboroto do público) e que ten un par de cuestións que falar sobre este tema. Un é que para informalos a todos sobre as últimas novas das que o informaran na Deputación, el convocara unha reunión á que ninguén acudiu (comentarios do público), e que convocou aos cabezas de lista. E o segundo punto que é importante resaltar é que na cuestión de Fadesa habería cousas que debería revisar ou senón debería absterse de opinar sobre o tema (comentarios do público) e pídlle á xente que non os interrompa máis; e continúa que é unha cuestión que debería miralo, e que lle parece ben que se chegara ao acordo que mentres non se chegue a un acordo global que todos dean o ombro e non cobren.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que xa o levan facendo durante moito tempo.

O Sr. alcalde responde que do mesmo xeito que o fixo el (berros do público de non), outra cousa é que demagoxicamente.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que aínda lle debe ao partido 500 euros das cotas de asistencia a plenos (berros e aplausos do público), e que se quere que llo mandan por burofax.

O Sr. alcalde contesta que hai cuestións que terán que demostrar. E cuestións persoais que non vai traer ao pleno.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo dille que revise as contas e que asinou un código ético que non cumpreu.

O Sr. alcalde expón que o Sr. Faraldo trate de ver se non ten que absterse na votación por cuestións persoais.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo replica que el verá o que teña que votar e se ten que votar, pero opinar que é libre de opinar como calquera cidadán e loxicamente representando aos veciños. E se lle vai quitar a liberdade de expresión.

O Sr. alcalde respóndelle que non. Simplemente o que lle di é que revise o cumprimento da lei.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que a lei que a cumpre sempre.

O Sr. alcalde dille ao Sr. Faraldo que se non cumpre a lei simplemente terá que facerse cargo das consecuencias (alboroto do público) ao concello e aos veciños. E en canto á dimisión, vólvelle dicir o de antes, que o teñen fácil e que fagan unha moción de censura.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín pídlle a Ricardo que convoque o pleno o máis urxentemente posible.

O Sr. alcalde expón que cando fala de nosoutros fala del e da secretaria e dos funcionarios.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que se acaba de falar dos servizos sociais, e pregunta que acaba de dicir, que xa o leva dicindo na prensa, e que puxo aos funcionarios de volta e media. E logo di aquí respecto a quen? Que se lea as actas e que vexa o que dixo.

O Sr. alcalde pídlle que o deixe falar.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo respóndelle que o deixa falar pero que el tamén se debería abster de moitas cousas, de moitas...

O Sr. alcalde responde que non ten ningún interese persoal en ningunha das cousas que se trataron.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo dille "non que va".

A Sra. secretaria se desculpa co Sr. Faraldo porque antes lle dixo que un terzo eran sete, e aquí son cinco, e que estaba pensando na maioría absoluta.

Polo PSOE a Sra. Emma González Álvarez expón que ela agradecería que as comisións e plenos as poñan ás dúas e media ou polas tardes, non ás dez da mañá porque hoxe casualmente puido asistir (aplausos do público).

O Sr. alcalde expón que agradece tarde porque os plenos están postos para as seis da tarde.

Polo PSOE a Sra. Emma González Álvarez replica que este non (alboroto do público).

A Sra. secretaria expón que a plataforma ábrese o 16 e que ao interventor venlle ben o luns a partir das dúas da tarde. E pregunta se se fixa a comisión informativa para o

luns aínda que non se garden os dous días. Que os vai convocar por escrito e darlle a copia do expediente.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que para aforrarlle diñeiro ao concello e para que non lle envíen máis burofax que custan moito diñeiro, que tomen nota do seu correo electrónico e que lle envíen as convocatorias por correo electrónico, que é o mesmo que tiña de sempre.

A Sra. secretaria solicítalle que se lles envíen un correo aos grupos poden enviar todos os correos electrónicos de todos os concelleiros. E pregunta a que hora poñen a comisión.

(hai alboroto do público)

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que podería ser ás dúas ou dúas e media.

A Sra. secretaria conclúe que a comisión informativa será o luns ás dúas e cuarto e agardarán a que veña Emma.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo pregunta se a comisión informativa é cos seis concelleiros de cada grupo tal como se acaba de aprobar?

A Sra. secretaria responde que é a comisión informativa de contas pero se queren fan unha excepción e se mete en asuntos xerais.

Polo PSOE a Sra. Catalina Morado Fariña expón que cre que hai que facer unha excepción.

A Sra. secretaria expón que como o tema o require que cre que é mellor que estean todos.

Seguidamente, procédese na sesión plenaria á votación ordinaria da proposta relativa á determinación dos cargos con dedicación exclusiva e determinación das asignación e indemnización aos membros da corporación co seguinte resultado:

1º.- Aprobación da dedicación exclusiva do Alcalde – Presidente, Don Ricardo A.M. Sánchez Oroza, de acordo co disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, cunhas retribucións brutas de 2.857,14 euros mensuais por 14 pagas ao ano e o correspondente alta na Seguridade Social, con efectos retroactivos dende a toma de posesión.

Ditas retribucións se revisarán anualmente no porcentaxe que se aplique ao persoal funcionario do Concello, de conformidade coa disposicións legais correspondentes.

1 voto a favor do Grupo mixto, e 12 votos en contra do PSOE e do PP (sendo trece o número legal de membros da Corporación), polo que o Pleno municipal acorda por maioría absoluta rexeitar a aprobación da dedicación exclusiva do Alcalde.

2º.- Aprobación das dietas en concepto de asistencia, pola súa concorrencia efectiva ás sesión do pleno da Corporación, a xunta de goberno local, as comisións informativas, aos membros da Corporación.

1 voto a favor do Grupo mixto, e 12 votos en contra do PSOE e do PP (sendo trece o número legal de membros da Corporación), polo que o Pleno municipal acorda por maioría absoluta rexeitar a fixación de dietas polo asistencia efectiva a órganos colexiados.

3º.- Fixar que as indemnizacións por gastos ocasionados por comisión de servizos encomendado ós cargos electos rexeranse polo Real Decreto 462/2002, e disposicións de desenrolo ou normas de carácter xeral que as substitúan coas particularidades seguintes:

- Por aloxamento e gastos de viaxe en medios de transporte público, aboarse o importe do realmente gastado e xustificado documentalmente.
- Por manutención aboarase igualmente o importe dos gastos efectivamente realizados ó efecto.
- En caso contrario, indemnizaranse na contía sinalada O GRUPO 1 dos Anexos II e III do citado Real Decreto. As contías son as seguintes:
 - o Por aloxamento: 102,56 euros.
 - o Por manutención: 53,34.
 - o Dieta completa: 155,90 euros.

Cando os membros da Corporación viaxen en comisión de servizo ou asistan a cursos debidamente autorizados, serán indemnizados cando o fagan en vehículo propio e fóra do termo municipal a razón de 0,19 euros/km. Se a viaxe se efectuase doutro xeito polo importe xustificado.

13 votos a favor do Grupo mixto, do PSOE e do PP (sendo trece o número legal de membros da Corporación), polo que o Pleno municipal acorda por maioría absoluta e unanimidade fixar que as indemnizacións por gastos ocasionados por comisión de servizos encomendado ós cargos electos rexeranse polo Real Decreto 462/2002, e disposicións de desenrolo ou normas de carácter xeral que as substitúan.

Non habendo outros asuntos que tratar, o Sr. alcalde dá por finalizada a sesión, ás 11:00 horas, de todo o cal como a secretaria dou fe.

O alcalde – presidente
Ricardo A.M. Sánchez Oroza

A secretaria municipal
Alejandra Rodríguez Menéndez